


Obradoiro de Arrolos para a comunidade educativa



Xoves 31 de marzo
16.30 hrs

CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza
Santa Comba

Dirixido a: nais, pais, avoas, avós, persoal docente e non docente.

No obradoiro "**Arrolos de Salitre**" baseado no disco do mesmo título, Faia Díaz e Guillermo Fernández traballan **cantos de berce** tradicionais en **lingua galega** apostando pola transmisión de xeración en xeración.

Este obradoiro atópase vencellado ao proxecto de innovación educativa en dinamización da lingua "**Arrólame paseniño, arrólame un pouquiño**" que se está a desenvolver no noso centro educativo e que forma parte do **PLAN PROXECTA+**, unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en colaboración con outros organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que potencien o **traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial** pero que ademais estean **comprometidos** coa consecución dos **obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030**.

O **poder emocional** dos arrolos e cantos de berce é incalculable! Potencia o apego á nosa lingua e á nosa música.

Será tamén un **espazo de encontro** entre as diferentes **culturas** que conforman a nosa **comunidade educativa** onde se dará voz a todas as persoas participantes.

INSCRICIÓN

Do 16 ao 18 de marzo

Cumprimentando un formulario online que será enviado por Abalar.
A aceptación no obradoiro será por rigorosa orde de inscrición.